

Celga



1

PROBA ORAL

MATERIAL PARA O EXAMINADOR/AVALIADOR



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

Secretaría Xeral de Política Lingüística

Data: 1 de decembro de 2007
Modelo: 1/2007/A

ORIENTACIÓNS

- 1) As follas correspondentes aos criterios de corrección e á grella de avaliación son para uso exclusivo do avaliador.
- 2) Na grella, débese colocar en cada liña o nome de cada candidato avaliado.
- 3) É moi importante que o examinador e o avaliador estean previamente familiarizados co audio ou co texto sobre o que os candidatos farán a proba, así como cos temas e preguntas que se lles farán.
- 4) O peso da entrevista recaerá totalmente no examinador e o avaliador non deberá manifestarse en ningún momento durante a exposición do candidato.
- 5) O candidato deberá esgotar o tempo total da proba, aínda que nos primeiros minutos de entrevista xa se poida deducir o seu nivel de competencia.
- 6) Non se lle dará ao candidato ningunha información sobre o resultado da súa proba, nin tampouco se lle fará valoración de ningún tipo durante a súa exposición.
- 7) Aínda que o avaliador sexa o responsable de analizar os criterios de corrección e de cubrir a grella de avaliación dos candidatos, o examinador tamén fará unha cualificación global de apto/non apto, coa cal ambos deben estar de acordo.
- 8) Cando rematen todas as probas, o examinador e o avaliador deberán devolver á Presidencia do tribunal toda a documentación que lles foi entregada.

Proba B (*Comprensión Oral + Expresión Oral*)

PARTE 1

Transcripción do texto oral

Vivir no campo ou na cidade?

A continuación, vai escoitar dúas veces un diálogo entre dúas persoas que falan sobre preferencias nos lugares para vivir. Tome as notas que precise.

- Pois a verdade é que eu prefiro vivir na cidade, é que eu son unha *urbanita*, gústame moitísimo estar no centro da cidade e poder ir camiñando ao cine, ou quedar cos amigos para tomar unha *cañas*, non sei, ir ao ximnasio...
- Pero que dis? Se na cidade só hai fume e ruído, é horrible!
- Home! si hai un pouco de ruído e contaminación, polos coches e tal, pero é que eu non soporto estar no campo, non identifico nada, non sei orientarme, síntome perdido.
- Pero se non hai nada mellor que escoitar os sons da natureza! Ademais, para descansar e durmir é o mellor, non tes veciños ruidosos que te molestan ás tres da mañá...
- Xa, iso si, pero é que se sei que ás tres da mañá estou só nunha casa no medio do campo... morro de medo! Eu necesito saber que teño veciños.
- Pero se nas cidades non coñeces os teus veciños, nin falas con eles, mira, na aldea é máis fácil conseguir axuda de calquera veciño, moito máis que na cidade.
- Si, será, pero tamén todo o mundo sabe da túa vida e na cidade ninguén te coñece e tes máis independencia...

PARTE 2

1) Preguntas relativas á vida persoal (Aproximadamente 5 minutos. Non hai que facerlle todas as preguntas). As dúas primeiras son para un achegamento ao candidato, e non se avalían.

- (Consultar sobre o tratamento que prefire: *ti* ou *vostede*).
- Como se chama?
- A que se dedica?

A partir de aquí, todo é avaliable.

- De onde é? Fale un pouco sobre a súa cidade/aldea...
- Canto tempo leva estudando galego?
- Por que o estuda?
- Que lle gusta facer no tempo libre? Que afeccións ten?
- (Se non é galego) Que lle gusta máis da cultura galega? Que diferenzas atopa entre a cultura galega e a súa?

2) Preguntas de interacción sobre o audio

AFIRMACIÓN E PREGUNTAS FIXAS

Os interlocutores sinalan algunhas vantaxes e inconvenientes que atopan na vida na cidade e no campo.

- Dos argumentos que utilizan para xustificar a súa escolla, con cales está vostede de acordo e con cales non?
- Cre que as vantaxes en cada caso acaban superando os inconvenientes?
- Cre que pode haber solución para algún dos problemas mencionados? Pode vostede suxerir algunha?
- Que outras vantaxes e inconvenientes podería engadir para cada caso?

PREGUNTAS VARIABLES (Pódense mesturar preguntas entre as diferentes opcións se fai falta para ter máis variedade, sempre que teñan algunha coherencia).

OPCIÓN 1

- Onde prefire vivir vostede?
- Que vantaxes ten a súa opción?
- Que inconvenientes?

OPCIÓN 2

- Considera que a xente que vive nas cidades é máis independente que as persoas que viven no campo?
- Cre que pode haber diferenzas de carácter entre a xente do campo e a da cidade?

OPCIÓN 3

- Pensa vostede que no campo a xente se axuda máis que na cidade?
- En que situacións cre que a solidariedade pode ser posible tanto no campo como na cidade?
- Gústalle pedir axuda aos seus veciños? E que lla pidan?
- Non cre que o exceso de solidariedade acaba comprometendo a intimidade dunha persoa?

CRITERIOS DE CORRECCIÓN E AVALIACIÓN DA EXPRESIÓN ORAL NO CELGA 1

<i>Escalas</i>	ADECUACIÓN E INTERACCIÓN	COHESIÓN E FLUIDEZ	PRONUNCIA E ENTOACIÓN	GRAMÁTICA	LÉXICO
4	Resolve con éxito a actividade proposta. Axústase á finalidade do acto comunicativo e ao contexto, cun rexistro apropiado e un contido pertinente. Consegue iniciar, manter ou rematar unha conversa breve con naturalidade.	Presenta a información de forma coherente en intervencións breves, con escasas pausas ou dúbidas. Emprega os conectores máis frecuentes con normalidade e pode usar algúns máis complexos, aínda que manifeste algunha vacilación no seu uso.	Ten unha pronuncia clara, aínda que evidencie o acento estranxeiro.	Emprega estruturas morfosintácticas correctamente.	Ten un léxico suficiente e variado, referido a situacións cotiás.
3	Resolve a actividade en termos xerais. Axústase á finalidade do acto comunicativo e ao contexto, con algunha vacilación no emprego do rexistro e no desenvolvemento do contido. Emprega técnicas sinxelas para iniciar, manter ou rematar unha conversa.	Presenta a información de forma organizada en intervencións breves, aínda que presenta pausas e dúbidas iniciais. Emprega os conectores máis frecuentes para enlazar grupos de palabras ou oracións simples.	Ten unha pronuncia clara, aínda que presente dificultades nos fonemas máis específicos do galego e os interlocutores teñan que pedir repetición de cando en vez.	Emprega estruturas sinxelas con corrección morfosintáctica, aínda que presente algúns erros básicos.	Ten un léxico suficiente, referido a situacións e temas cotiás, aínda que cun repertorio limitado.
2	Deixa a actividade sen solución satisfactoria. Presenta fallos no axuste ao acto comunicativo, con vacilacións frecuentes no emprego do rexistro ou no desenvolvemento do contido. Mostra falta de habilidade para iniciar, manter ou rematar unha conversa.	Presenta a información confusa, con numerosas pausas e dúbidas, que dificultan a comunicación. Presenta vacilacións no uso dos conectores máis frecuentes para enlazar grupos de palabras ou oracións simples.	Ten unha pronuncia confusa, con dificultades xeneralizadas no sistema fonolóxico que, a miúdo, poden dificultar a comprensión.	Emprega estruturas morfosintácticas con incorreccións frecuentes, que poden dificultar a comprensión.	Ten un léxico insuficiente ou incorrecto, incluso referido a situacións e temas cotiás.
1	Non é capaz de resolver a actividade; só consegue comunicar os aspectos máis básicos desta. Presenta imperfeccións no emprego do rexistro e no desenvolvemento do contido e non consegue interpretar a quenda de palabra.	Presenta a información moi confusa e mal distribuída, con pausas que chegan a impacientar o interlocutor. Presenta erros reiterados, incluso nos conectores máis frecuentes e sinxelos.	Ten unha pronuncia confusa, con dificultades xeneralizadas no sistema fonolóxico, que dificultan a comprensión.	Emprega estruturas morfosintácticas con numerosas incorreccións que dificultan a comprensión.	Presenta un léxico insuficiente e incorrecto que dificulta a comprensión.

GRELLA DE AVALIACIÓN DA EXPRESIÓN ORAL NO CELGA 1

Nome do examinador: Nome do avaliador:

<i>CANDIDATO</i> <i>Apelidos e nome</i>	ADECUACIÓN E INTERACCIÓN	COHESIÓN E FLUIDEZ	PRONUNCIA E ENTOACIÓN	GRAMÁTICA	LÉXICO	CUALIFICACIÓN FINAL (APTO/NON APTO)

GRELLA DE AVALIACIÓN DA EXPRESIÓN ORAL NO CELGA 1

Nome do examinador: Nome do avaliador:

<i>CANDIDATO</i> <i>Apelidos e nome</i>	ADECUACIÓN E INTERACCIÓN	COHESIÓN E FLUIDEZ	PRONUNCIA E ENTOACIÓN	GRAMÁTICA	LÉXICO	CUALIFICACIÓN FINAL (APTO/NON APTO)

GRELLA DE AVALIACIÓN DA EXPRESIÓN ORAL NO CELGA 1

Nome do examinador: Nome do avaliador:

<i>CANDIDATO</i> <i>Apelidos e nome</i>	ADECUACIÓN E INTERACCIÓN	COHESIÓN E FLUIDEZ	PRONUNCIA E ENTOACIÓN	GRAMÁTICA	LÉXICO	CUALIFICACIÓN FINAL (APTO/NON APTO)

GRELLA DE AVALIACIÓN DA EXPRESIÓN ORAL NO CELGA 1

Nome do examinador: Nome do avaliador:

<i>CANDIDATO</i> <i>Apelidos e nome</i>	ADECUACIÓN E INTERACCIÓN	COHESIÓN E FLUIDEZ	PRONUNCIA E ENTOACIÓN	GRAMÁTICA	LÉXICO	CUALIFICACIÓN FINAL (APTO/NON APTO)

GRELLA DE AVALIACIÓN DA EXPRESIÓN ORAL NO CELGA 1

Nome do examinador: Nome do avaliador:

<i>CANDIDATO</i> <i>Apelidos e nome</i>	ADECUACIÓN E INTERACCIÓN	COHESIÓN E FLUIDEZ	PRONUNCIA E ENTOACIÓN	GRAMÁTICA	LÉXICO	CUALIFICACIÓN FINAL (APTO/NON APTO)

GRELLA DE AVALIACIÓN DA EXPRESIÓN ORAL NO CELGA 1

Nome do examinador: Nome do avaliador:

<i>CANDIDATO</i> <i>Apelidos e nome</i>	ADECUACIÓN E INTERACCIÓN	COHESIÓN E FLUIDEZ	PRONUNCIA E ENTOACIÓN	GRAMÁTICA	LÉXICO	CUALIFICACIÓN FINAL (APTO/NON APTO)

GRELLA DE AVALIACIÓN DA EXPRESIÓN ORAL NO CELGA 1

Nome do examinador: Nome do avaliador:

<i>CANDIDATO</i> <i>Apelidos e nome</i>	ADECUACIÓN E INTERACCIÓN	COHESIÓN E FLUIDEZ	PRONUNCIA E ENTOACIÓN	GRAMÁTICA	LÉXICO	CUALIFICACIÓN FINAL (APTO/NON APTO)